



XOSÉ ANTONIOVAZQUEZ COBAS, Concelleiro Portavoz do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)** neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde, en relación coa petición dun grupo de veciños sobre a **excesiva velocidade a que se circula pola Rúa Castelao no tramo do campo da Tasca, Aula de Musica e Casa da Cultura de Aguiño.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Rúa Castelao de Aguiño hai varias instalacións municipais, afortunadamente moi utilizadas polos veciños e veciñas. Campos de fútbol da Tasca, Aula De Música e Casa da Cultura nos que os eventos son constantes. Destacan pola súa continuidade os deportivos, xa que o club de fútbol, ten inscritos máis de cento cincuenta participantes nas diversas categorías. A maioría son nenos e nenas, que adestran e compiten na instalación deportiva alén dos que no seu lecer usan o campo pequeno.

Hai tempo que vimos observando con preocupación que os vehículos circulan a unha velocidade excesiva. O limite, tal e como indican os sinais verticais e de 30Km/h, apesares do cal, constatamos que no tramo recto que vai dende os campos de fútbol ata a Casa da Cultura non se respectan ditos sinais. O que fai que exista un risco real de atropelo.

Por iso, o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

1º Que se reforce a **senalización tanto horizontal como vertical**, utilizando os medios técnicos que se consideren necesarios.

2º Que se estuden os elementos axeitados para que os vehículos circulen a unha velocidade que non poña en perigo a integridade de veciños, meniños, mascotas, etc. **Nomeadamente a elevación dos tres pasos de peóns que e existen.**

Ribeira, setembro de 2015

Asdo.: Xosé Antonio Vázquez Cobas
Concelleiro Portavoz do BNG de Ribeira.